

Workshop

RETOS NA COMERCIALIZACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS DO MAR

1 de decembro 2016, Edificio FEUGA. Santiago de Compostela



galicia



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)

OBXECTIVO

Un dos desafíos actuais aos que se enfrenta o sector é a tendencia á globalización da economía e a agresiva competencia, o que fai indispensable especialmente para os pequenos produtores e transformadores que sexan capaces de darlle valor engadido ás súas marcas e produtos creando un vínculo emocional cos consumidores. É por isto que cada vez toma máis importancia a forma na que as empresas fan a comercialización, e as accións de promoción para chegar ao consumidor.

Asemade é vital destacar e diferenciarse da competencia, agregar valor e conectar cos seus consumidores. Nesta liña o consumidor demanda cada vez mais produtos de orixe certificada, respectuosos co ambiente, saudables, de calidade, cun valor gastronómico e ao mesmo tempo convenientes.

Co fin de mellorar o coñecemento neste eido e como o mercado está a desenvolverse o Cluster Alimentario de Galicia organiza esta xornada soportada pola Consellería do Mar co apoio do Fondo Europeo de Pesca



PROGRAMA

9.00 H. BENVIDA AOS ASISTENTES

9.15 H. INAUGURACIÓN

A Consellería do Mar apoia ao sector

Os retos que abordan a realidade socioeconómica actual requiren dunha colaboración e compromiso que afonde nas necesarias perspectivas de crecemento do sector da nosa comunidade.

D. Antonio Rodríguez. Subdirector Xeral de Pesca e Mercados da Pesca.



09.30 H. SOSTIBILIDADE E PRODUTOS DO MAR

O programa MSC de certificación de pesqueiras sostibles

A pesca sustentable é un alicerce fundamental que axudará a protexer e conservar os nosos océanos para xeracións futuras e a xerar un valor engadido ante os novos modelos de consumo.

Dna. Laura Rodríguez. Responsable de MSC para España.

10.10 H. A COOPERACIÓN

Desenvolvemento cooperativo e promoción

O obxectivo do Consello de Produtos do Mar de Noruega é difundir a mensaxe de que o mellor pescado e marisco provén das augas de Noruega cun claro apalancamento nun orixe destacado.

Dna. Hildegunn Fure Osmundsvåg. Directora de produtos do Mar de Noruega.

10.50 H. O VALOR DO PRODUCTO

Tendencias na comercialización

Estar próximo as novas canles de comercialización é fundamental nun mundo cambiante coa posta en marcha de distintas estratexias, como a activación do punto de venda ou o merchandising activo.

Dna. María Luisa Álvarez. Directora adjunta de FEDEPESCA.



PROGRAMA

11.30 H. PAUSA CAFE NETWORKING

12.00 H. MESA REDONDA. CONSUMER CONECTION. MODERA: D. Miguel Otero. Pdte. Comisión de Mercados do CLUSAGA.

Drivers de consumo e adaptación no punto de venda

As 4 P: Produto, Preço, Place e Promoción, son os fundamentos básicos de venda. Coñecelas, comprendelas e aplicalas axudaranos na xestión directa do noso produto co consumidor.

Dna. Elisa González. Co-fundadora de ARTENOVA COMUNICACIÓN.

Trazamare: Trazabilidade individual de pescados e mariscos

Cun sistema de trazabilidade os produtos pesqueiros quedan identificados ao longo de toda a cadea comercial, favorecendo o seu recoñecemento no mercado e creando valor engadido dende orixe.

D. Jesús Amieiro. Director técnico de Quadralia.

Información facilitada ao consumidor. A lexislación en produtos do mar

Indicación de auga engadida, elaborado a partir de pezas, e venda a distancia son só algunhas das obrigacións en información ao consumidor que establece o Regulamento (UE) 1169/2011.

D. Carlos Ruiz. Responsable de coordinación lexislativa de ANFACO CECOPESCA.

13.30 H. CONCLUSIÓN

O servizo de apoio á comercialización de produtos do mar

Co fin de reforzar a presenza nos segmentos de mercado con maior expansión e reforzar a imaxe de marca, o Clúster Alimentario de Galicia porá en marcha un servizo de apoio a comercialización.

D. Roberto Alonso. Xerente do Clúster Alimentario de Galicia.

13.45 H. ACTO DE CLAUSURA

D. Juan Maneiro. Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

D. Miguel Otero. Pdte. da Comisión de Mercados do Clúster Alimentario de Galicia.



MAIS INFORMACIÓN

Aberto a xerentes directores comerciais de pequenas e medianas empresas transformadoras, organización de produtores e outras entidades relacionadas coa produción e transformación de produtos do mar.

Lugar aula Edificio FEUGA Campus Vida s/n Santiago de Compostela

Data e hora: 1 de decembro de 2016 de 9 a 14 horas

É necesario inscribirse previamente, estando limitado o número de asistentes. Pode solicitar mais información e completar a inscrición no Clúster Alimentario de Galicia en info@clusaga.org ou no teléfono 981556062

Organiza



Colabora



Apoia



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)